

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚM. 2024/0053

En Ribeira de Piquín, a 12 de xullo de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a contratación dun/dunha enxeñeiro/a agrícola como persoal temporal, a media xornada (50%), cunha duración de seis (6) meses.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, PRESIDENTE DA FUNDACIÓN MUNICIPAL “TERREO”.

De conformidade co expediente de provisión dun/dunha enxeñeiro/a agrícola, como persoal temporal, a media xornada (50%), cunha duración de seis (6) meses, mediante concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2024/0050, de data 3 de xullo de 2024.

Visto que con data 6 de xullo de 2024 se publicou anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 0156, comezando a contar o prazo de presentación de instancias a partir do día seguinte da dita publicación.

Analizadas as solicitudes presentadas e tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do devandito proceso selectivo, cos/as seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Corral Rodríguez, Diego	***8231**	NON
Fernández Labrada, Miguel	***7974**	SI

LISTA DE EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidente: Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. María del Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira

de Piquín (Lugo).

Dna. Pilar Tella Mazoy, Secretaria da Fundación Municipal Terreo.

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o 16 de xullo de 2024, ás 09:00 horas, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes que non acreditaron o coñecemento do idioma galego para realizar a proba escrita correspondente, ás 09:30 horas do día 16 de xullo de 2024, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín.

CUARTO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización do primeiro exercicio, de carácter teórico, ás 10:15 horas do día 16 de xullo de 2024, no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín. Unha vez concluído este e puntuado polo Tribunal, procederáse seguidamente á realización do segundo exercicio, de carácter práctico.

QUINTO.- Dar conta da presente resolución ao Patronato da Fundación municipal "TerrEo" na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 12 de xullo de 2024. Do cal como Secretaria, Dou Fe.

Asdo.: D. Roberto Fernández Rico,
Presidente.

Asdo.: Dna. Pilar Tella Mazoy,
Secretaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE